

PROGRAMACIÓN DOCENTE TRABALLO FIN DE ESTUDOS VENTO
 METALCONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA
 TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO D 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)
 CURSO 2024-2025

| 1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN | | | | | | | | | | | |
|--|--------------------------------|----|-----|----|---|----|-----|------------------------------|------------------------|--|--|
| DISCIPLINA TRABALLO FIN DE ESTUDOS | | | | | | | | | | | |
| Especialidade: | Interpretación | | | | | | | Itinerarios: | Ventometal | | |
| Carácter | Materia obrigatoria específica | | | | | | | Tipo de clase: | Semanais | | |
| Departamento: | Vento- metal | | | | | | | Xefe de dpto: | Gonzalo Sánchez | | |
| Cursos: | 1º | 2º | 3º | 4º | | | | Coordinado/ada disciplina: | Gonzalo Sánchez | | |
| Cuadrimestres: | I | II | III | IV | V | VI | VII | VIII | Horas de clase: | | |
| Ects/ cuad. | - | - | - | - | - | - | - | 10 | Observacións: | O alumno/a terá un titor/a asignado da especialidade, co que realizará as necesarias titorías para o asesoramento correspondente traballo. | |
| Docentes: | Gonzalo Sánchez | | | | | | | gonsangar@edu.xunta.gal | 1º Cua, Xoves 17 a 18. | | |
| | Aida Lozano | | | | | | | aidatrompa@gmail.com | 2º Cua, Xoves 16 a 17 | | |
| | Héctor González | | | | | | | hectorgonzalez@edu.xunta.gal | Martes 13 a 14 | | |
| | Javier Monteagudo | | | | | | | monteagudotuba@gmail.com | Venres 10 a 11 | | |
| | Edgar Zaragoza | | | | | | | ezarvig@edu.xunta.gal | Venres 10 a 11 | | |
| | Fabio Catania | | | | | | | fabiocataniatrompa@gmail.com | Venres 11,30 a 12,30 | | |
| | | | | | | | | | Xoves 20,30 a 21,30 | | |

| 2. DESCRITOR E COMPETENCIAS | |
|---|--|
| DESCRITOR: Interpretación de un concerto público con elaboración e defensa dun traballo académico que poderá versar sobrediversos aspectos do repertorio elixido, do seu instrumento ou de calquera outra temática relacionada coa especialidade e itinerario. | |
| COÑECEMENTOS PREVIOS: Todos os abordados ao longo de todos os estudos conducentes á titulación da especialidade e itinerario correspondente. Requírese estar matriculado nos créditos da disciplina do traballo fin de estudos, así como o cumprimento dos prazos e normas establecidas no protocolo correspondente, aprobado polo centro. A presentación pública de TFE estará condicionada á superación de tódalas disciplinas que integran o plan de estudos da súa especialidade. | |
| RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS: A disciplina do traballo fin de estudos ten relación directa con tódalas disciplinas da especialidade e itinerario correspondente. | |
| COMPETENCIAS TRANSVERSAIS: | T1, T2, T3, T4, T5, T6, T7, T8, T14, T15, T16. |
| COMPETENCIAS XERAIS: | X2, X3, X5, X6, X7, X8, X10, X13, X21, X25. |
| COMPETENCIAS ESPECÍFICAS: | EI1, EI2, EI3, EI4, EI5, EI6, EI8, EI10 |
| Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro. | |



| 3. OBXECTIVOS | |
|---|---|
| DESCRICIÓN | COMPETENCIAS RELACIONADAS |
| <p>1. Elaborar e defender un traballo académico que integre, sintetice e aplique os coñecementos teóricos adquiridos o longo dos cursos e saber buscar e seleccionar información valorando o xeito crítico.</p> <p>2. Interpretar un concerto público onde se reflectan todos os coñecementos prácticos e artísticos adquiridos o longo das disciplinas cursadas.</p> | <p>Tódalas competencias recollidas neste documento están relacionadas con todos os obxectivos aquí reflectidos.</p> |

| 4. CONTIDOS |
|--|
| <p>Exercicio escrito (Traballo académico e defensa do mesmo)</p> <p>O traballo poderá versar sobre diversos aspectos do repertorio elixido, do seu instrumento, ou calquera temática relacionada coa especialidade, tanto en aspectos históricos, estilísticos como didácticos, e aprobada polo departamento. Deberá ter unha extensión mínima de 20 páxinas (5500 palabras), tamaño DIN A4, letra Arial tamaño 12, a dobre espazo, sen contar coas referencias bibliográficas e os títulos.</p> <p>Deberá estar debidamente presentado, cunha correcta encadernación, que permita a súa posterior garda na biblioteca do centro. Dito traballo deberá conter un resumo da mesma nun idioma estranxeiro, outro en galego e outro en castelán, de entre 300 e 700 palabras.</p> <p>O alumno/a disporá dun máximo de 20 minutos para a defensa do seu traballo académico. A continuación o tribunal abrirá un proceso de debate ou poderá formular rolda de preguntas, cun máximo de 10 minutos para dita parte.</p> |
| <p>Interpretación (Concerto público)</p> <p>Terá unha duración de entre 45 e 70 minutos, coa posibilidade dun descanso opcional que non computará no tempo e que non debe exceder de 15 minutos. A proposta do programa de dito concerto terá que ser aprobada polo departamento, e será entregada na forma e prazos establecidos no protocolo aprobado polo centro.</p> <p>No caso de que se producise algunha modificación sobre o programa a interpretar, deberá ser notificado con 30 días de antelación da data do concerto, mediante instancia dirixida ao departamento co visto bo do seu tutor, para a súa supervisión e aprobación, de ser o caso. Unha vez recibida a solicitude, o departamento resolverá ao respecto sobre dita posible modificación, nun prazo máximo de 7 días.</p> |



5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA

O alumnado presentara ao departamento a través do seu tutor, a proposta do proxecto do traballo académico, e a proposta do programa que vai a interpretar no concerto antes do ata o 4 de novembro, fecha límite que ten o tutor para enviarlas o departamento.. Ámbalas dúas propostas serán avaliadas polo departamento de vento- metal, determinando o devandito departamento a idoneidade do proxecto e da proposta de programa presentados para o recital, cos requisitos esixibles, dispendo o departamento ata o 15 de novembro para resolver. De non considerarse idónea o aspirante terá que aceptar os cambios propostos polo departamento, ou, se é o caso, presentar una nova proposta, dispendo ata o 2 de decembro para reformular a súa proposta.

Previa aceptación do tutor, o programa a interpretar no concerto poderá ser modificado, solicitando coa antelación suficiente o cambio o departamento por escrito, e tendo que ser aprobado este cambio polo departamento.

No mes de outubro publicarase no taboleiro de anuncios, a listaxe coa asignación das/os docentes titoras/es para o TFE. Esta metodoloxía está orientada a promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes baixo a tutela do profesor.

O proxecto do traballo académico constará dos datos do alumno, dun título, dun resumo ou xustificación do contido do traballo, un esquema ou índice xeral e a firma do titor e do interesado.

A proposta do programa constará das obras a interpretar, as cales serán acordes o nivel superior. Parte das obras do concertó, teran relación cas obras traballadas durante os catro cursos do grao superior. Na proposta farase constar a duración aproximada de cada unha das obras, e da firma do titor e do interesado.

A aula de trompeta na modalidade de interpretación, considera como obras de nivel acorde ao nivel superior, a interpretación dun concerto do Século XX a elixir entre o concerto de H. Tomasi, A. Desanclos, ou Concertino de A. Jolivet. Con todo, estes concertos poden ser substituídos por outro de nivel e dificultade semellante co visto e prace do profesor titor. En canto aos concertos clásicos, será necesaria a interpretación dun deles a elixir entre J. Haydn, J. N. Hummel, ou J. B. G. Neruda, todos eles con trompeta en Mib. Para terminar de completar o tempo mínimo do recital, o alumno poderá elixir o que o considere oportuno, sempre que o nivel sexa acorde ao que supón un recital fin de grao.

O recital terá unha duración de entre 45 e 70 minutos, coa posibilidade dun descanso opcional que non computará no tempo e que non debe exceder de 15 minutos.

O traballo académico terá unha extensión mínima de 20 páxinas (5500 palabras), dentro das que non computarán a portada, os títulos, os resumos e os anexos.

Será presentado en DIN A4, en 1 copia debidamente encadernada e unha copia en formato dixital (PDF), con letra Arial 12, xustificado, páxinas numeradas e a dobre espazo. As marxes serán 2,5 superior e inferior e 3 lado dereito e esquerdo. O traballo será realizado en galego ou en castelán. A bibliografía estará referenciada de acordo coas normas APA ou Chicago. Deberá incluír unha portada, os datos do alumno, un resumo en galego, outro en castelán e outro nun idioma estranxeiro, un índice e as pertinentes referencias bibliográficas. Poderán axuntarse os anexos oportunos en formato papel ou no soporte que o alumno considere adecuado.

O alumno entregará o traballo académico con tres semanas de antelación sobre a data do exame na secretaría do centro. En caso de non presentalo no prazo establecido non se convocará o tribunal e o alumnado non poderá realizar o exame. Presentarase no formato establecido na Circular 10/2014, apartado 3.2, e cumprimentando o formulario correspondente, que levará o visto bo do docente- titor/a. Entregarase unha copia en papel debidamente encadernada, mais unha copia en formato dixital ao correo vicedireccion@csmcورونا.com, xunto co programa a interpretar e toda canta información se queira aportar para a elaboración dos programas de man, que polo menos deberá conter: programa a interpretar (autor, obra, movementos, etc.); músicos participantes (de ser o caso); breve curriculum do alumnado, etc.

Se o alumno o considera oportuno, e a través do seu tutor, pode remitir unha copia do traballo en formato PDF o xefa/e do departamento para que o departamento lle faga as aportacións oportunas antes da data de entrega e se produza unha retroalimentación ou feedback que será enormemente enriquecedora para tódalas partes, pero sempre tendo en conta que as datas límites de entrega final marcadas polo centro.

O estudante deberá expor o traballo e defendelo ante o tribunal. Para a avaliación do traballo terase en conta o informe presentado, a presentación pública e as respostas ás preguntas do tribunal. Valorarase especialmente o rigor científico, a consistencia do proceso desenvolto, a orixinalidade e o interese do traballo. O acto de lectura e defensa terá lugar en sesión pública, cunha duración máxima de 20 minutos sen contar o tempo dedicado as preguntas por parte do tribunal, que será dun máximo de 10 minutos.

O recital e a defensa do traballo escrito levaranse a cabo na orde na que o alumnado queira se desenvolvan as probas.

6. AVALIACIÓN

O alumnado disporá de dúas convocatorias, ordinaria e extraordinaria respectivamente, para a superación desta disciplina. A avaliación e cualificación correspondente á convocatoria ordinaria realizarase ao remate do segundo cuadrimestre de cada ano académico, e a correspondente á convocatoria extraordinaria realizarase entre o 3 de outubro e o 4 de novembro. De ser o caso, o alumnado que non supere ou non presente o traballo fin de estudos (TFE), terá dereito a utilizalas convocatorias correspondentes durante o primeiro cuadrimestre do seguinte ano académico.

A presentación ao TFE quedará condicionada a que o alumnado supere todas as disciplinas que integran o plan de estudos correspondente á súa especialidade. En caso contrario a convocatoria do TFE será anulada de oficio polo centro.

O alumnado poderá solicitar a anulación de convocatoria, aportando a motivación e documentos acreditativos que considere, e a dirección do centro resolverá o que proceda en aplicación á normativa vixente. Dita solicitude de anulación deberá presentarse antes da data de entrega do traballo.

O alumnado deberá presentar, como parte do TFE unha memoria xustificativa do traballo realizado, que deberá conter un resumo desta nun idioma estranxeiro.

O alumnado que non solicite data de realización no prazo correspondente, asignaráselle unha de oficio no periodo que corresponda, e no caso de non presentarse, cualificarase con Non Presentado.

Para a organización, avaliación e cualificación constituirase un tribunal nomeado pola dirección do centro. Os criterios de avaliación e a cualificación empregada polo tribunal serán os seguintes: a cualificación de TFE será única e calcularase a partir da media aritmética das cualificacións emitidas polos membros do tribunal presentes na sesión de cualificación, expresada en termos numéricos cun decimal. Eliminaranse as cualificacións individuais dos membros do tribunal que difiran entre si tres ou máis enteiros. No caso de empate entre cualificacións máximas e mínimas só será excluída unha delas.

O alumno deberá aprobar cada unha das partes para poder aprobar o TFE.

| FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | PONDERACIÓN |
|--|---|-------------|
| Interpretación (Concerto público) | Dominio técnico do instrumento na execución das obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. | 30% |
| | Interpretación musical | 60% |
| | Dificultade técnica e interese artístico do programa presentado | 10% |
| Eercicio escrito (Traballo académico e defensa do mesmo) | A correspondencia coa proposta de traballo aceptada polo departamento. | 10% |
| | A coherencia no desenvolvemento das diferentes partes do traballo. | 10% |
| | O rigor científico, histórico ou artístico do estudo. | 30% |
| | A orixinalidade e o interese do traballo. | 30% |
| | A correcta presentación, redacción e defensa. | 20% |
| PONDERACIÓN FINAL DAS DIFERENTES PARTES | | |
| TRABALLO ACADÉMICO | | 20% |
| PROPOSTA DO CONCERTO E A INTERPRETACIÓN PÚBLICA | | 80% |

7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

| DESCRICIÓN | CRITERIOS E PAUTAS |
|--|--|
| <p>Deberanse cumprir as disposicións vixentes no marco do establecido no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.</p> <p><i>Asimesmo terase en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</i></p> | <p>Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.</p> |

8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

| |
|--|
| <p>Dado que se trata dun traballo individual, o alumno deberá analizar as fontes de información adecuadas e necesarias para a elaboración e documentación entre as que se encontrarán as revistas máis importantes do ámbito elixido, libros, referencias webs, etc.</p> <p>Tódalas referencias utilizadas no traballo deberán adaptarse a norma APA ou Chicago, e, polo tanto, deberán ser citadas de acordo a esta.</p> <p>O alumnado ten á súa disposición o documento de consulta realizado polo profesorado do departamento "Proposta e elaboración do traballo fin de estudos, departamento de vento metal" (Fernández Rodríguez, Sánchez García e Iglesias Martínez, 2018).</p> |
|--|

9. OBSERVACIÓNS

| |
|--|
| <p>O titulado superior en música, especialidade de interpretación, deberá ser un profesional cualificado cun dominio completo das técnicas de interpretación do instrumento e o seu repertorio, e se é o caso, de instrumentos complementarios.</p> <p>Deberá estar preparado para exercer unha labor interpretativa de alto nivel de acordo coas características da súa modalidade e especialización, tanto no papel de solista coma formando parte dun conxunto, así como, se é o caso, na súa condición de intérprete acompañante de música e de danza. Deberá coñecer as características técnicas e acústicas do seu instrumento, afondando no seu desenvolvemento histórico.</p> <p>Deberá ter formación para o exercicio da análise e do pensamento musical, e dispoñer dunha sólida formación metodolóxica e humanística que lle axude na tarefa de investigación afín ao exercicio da súa profesión.</p> |
|--|